

9. AS COMUNIDADES E MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

9.1. Introducción

A Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, formulou os principios orientadores deste eido da economía e, ao mesmo tempo, favoreceu a súa visibilidade e recoñecemento a nivel estatal.

En Galicia, a Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social, persigue adecuar a norma estatal á realidade de Galicia (Bastida et al., 2019; Vaquero e Bastida, 2021). O seu capítulo segundo permite identificar as entidades que conforman a economía social e no artigo 6 incorpora as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común. Ao anterior compre engadir a normativa específica en esta materia, tanto a nivel estatal, coa Lei 55/1980, de 11 de novembro e, para Galicia, coa Lei 13/1989 de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común (Bastida e Vaquero, 2019; 2020; Vaquero e Bastida, 2021).

No presente capítulo tratárase de describir a situación en Galicia das comunidades e mancomunidades de monte veciñais en man común como parte da economía social. Tras esta introdución, o segundo apartado analiza a situación dos montes veciñais de man común (MVMC). No terceiro apartado se afonda no estudo das comunidades de MVMC. O cuarto apartado sitúa a análise nas mancomunidades de MVMC. No quinto apartado establécense una serie de recomendacións e, finalmente se sinalan as conclusións.

9.2. Os montes veciñais en man común

En Galicia o 97,3 % da superficie forestal é privada, o redor de 2 millóns de hectáreas, o que representa o 66 % do territorio galego, e só un 2 % está xestionado pola Administración Pública (Bastida et al., 2021). Preto de 700.000 hectáreas de territorio galego -case o 25 % do total- corresponde a montes veciñais de man común (MVMC). Como o monte debe ser entendido como un elemento de creación de emprego e xeración de riqueza, a cifra anterior

permite sinalar o importante valor económico, social e ambiental deste tipo de recursos. Os MVMC se configuran como un dos principais motores de emprego a nivel local, xa que as comunidades e as mancomunidades de montes veciñais teñen a posibilidade de aproveitar estes recursos máis alo da mera función extractiva, aportando un maior valor engadido. Estas cifras suxiren o importante valor no só económico, sino social e ambiental destas organizacións.

O monte galego permite a realización de múltiples actividades. Entre outras pódese indicar actuacións directas e indirectas. Dentro das primeiras estaría a mellora da explotación forestal, a través do xeración de madeira, ou o aproveitamento da biomasa coma combustible. Asemade, o desenvolvemento destas actividades son facilmente compatibles con outros usos, como o aproveitamento gandeiro, produción de cogomelos, castañas, noces, resinas ou plantas aromáticas e medicinais. Dentro de actuacións indirectas pódese citar a potenciación de rutas recreativas ou programas de conservación do medio ambiente¹. Todo o anterior posibilita a fixación da poboación no medio rural, nunha situación de perda de poboación. Polo tanto, o monte galego ten capacidade para introducir novas actividades, que se ben no sempre teñen unha rendibilidade económica, implican unha función social e/ou medioambiental (Foro Económico de Galicia, 2019; Bastida et al., 2021). Ademais, coa crise provocada pola COVID-19, a utilización racional dos recursos forestais cobra unha maior importancia como alternativa económica a produción tradicional e pode ser unha saída para corrixir a endémica perda poboacional (Vaquero e Losa, 2020; Vaquero e Bastida, 2021).

Os montes veciñais en mancomún están regulados pola Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais e o Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de 10 de outubro. Trátase de aqueles de titularidade de diferentes agrupacións veciñais, entendidas como grupos sociais, non coma entidades administrativas. O seu aproveitamento é en réxime de comunidade, sen asignación de cotas por parte dos seus partícipes, que o son por cuestións de veciñanza. Polo tanto, son espazos privados que pertencen ás comunidades veciñais titulares do devandito dereito colectivo (Bastida et al., 2020). Tal e como sinalan Bastida e Vaquero (2019) e Bastida, Vaquero e Cancelo (2020), teñen diferentes características diferenciais, entre as que destacan: a súa indivisibilidade (non son susceptibles de reparto entre a veciñanza); son inalienables (non están suxeitos a compravenda); son inembargables e están suxeitos a xestión democrática no seu funcionamento.

1 Por exemplo, un espazo forestal debidamente coidado reduce a incidencia dos incendios forestais, o que sen dúbida redonda nunha clara mellora para o medio ambiente.

Táboa 9.1. Número e superficie segundo o tipo de montes públicos, por distrito, 2020

DISTRITO	Catálogo Utilidade Pública		Patrimonial				Total	
			(Estado ou Comunidade Autónoma)		(Concello ou Entidades Locales Menores)			
	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie
Ferrol	13	4.199	12	2.435	8	2.305	33	8.940
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	15	1.543	5	249	14	1.176	34	2.968
Santiago - Meseta Interior	6	588	2	22	15	3.936	23	4.546
Barbanza	13	923	0	0	11	4.951	24	5.874
Fisterra	16	3.111	0	0	15	1.954	31	5.065
A Mariña Lucense	2	315	0	0	3	1.581	5	1.896
A Fonsagrada - Os Ancares	1	150	1	15	29	1.851	31	2.015
Terra de Lemos	0	0	0	0	9	2.474	9	2.474
Lugo - Sarria	0	0	1	0	1	24	2	24
Terra Chá	0	0	0	0	4	554	4	554
O Ribeiro - Arenteiro	1	601	0	0	0	0	1	601
Miño - A Arnoia	0	0	1	0	2	105	3	105
Valdeorras - Trives	2	7.121	0	0	0	0	2	7.121
Verín - Viana	0	0	5	6.866	0	0	5	6.866
A Limia	5	924	1	10	4	102	10	1.036
Deza - Tabeirós	0	0	1	5	2	148	3	153
O Condado - A Paradanta	2	68	0	0	1	37	3	105
Vigo - Baixo Miño	7	2.430	0	0	0	0	7	2.430
Caldas - O Salnés	2	367	2	496	0	0	4	863
Galicia	85	22.340	31	10.098	118	21.198	234	53.636

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

A superficie forestal en Galicia é, fundamentalmente, de titularidade privada. En 2020, hai unicamente 234 montes públicos, cunha superficie total de 53.636 hectáreas (ha). A meirande parte de propiedade é dos concellos e entidades locais menores (50,4 %). O 36,3 % son montes de utilidade pública, mentres que o 13,2 % restante pertence ao Estado ou a Comunidade Autónoma (táboa 9.2). A distribución de superficie non segue a mesma orde. Así, o 41,6 % das hectáreas son montes de utilidade pública, mentres que o 39,5 % están en

mans de concellos ou entidades locais menores, e o 18,8 % son do Estado ou Comunidade Autónoma.

A provincia de A Coruña posuía, en 2020, o maior número de montes e superficie públicos (62,0 % e 51,1 %, respectivamente) con independencia da clasificación. Porén, a provincia de Pontevedra destaca polo escaso número (7,3 %) e superficie de montes de utilidade pública (6,6 %). Na provincia de Lugo a superficie relativa é tamén reducida (13,0 %) (táboa 9.2).

Táboa 9.2. Número e superficie segundo o tipo de montes públicos, por provincia en porcentaxe, 2020

DISTRITO	Catálogo Utilidade Pública		Patrimonial		Patrimonial		Total	
	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie
A Coruña	74,1%	46,4%	61,3%	26,8%	53,4%	67,6%	62,0%	51,1%
Lugo	3,5%	2,1%	6,5%	0,1%	39,0%	30,6%	21,8%	13,0%
Ourense	9,4%	38,7%	22,6%	68,1%	5,1%	1,0%	9,0%	29,3%
Pontevedra	12,9%	12,8%	9,7%	5,0%	2,5%	0,9%	7,3%	6,6%
Galicia	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

En 2020 Galicia rexistra 3.349 Montes Veciñais en Man Común (MVMC), cunha superficie de 667.998 has. (táboa 9.3). O tamaño medio é de 199 hectáreas, oscilando entre as 90 has. do distrito Miño-A Arnoia e as 429 has. Do de Verín-Viana. Este distrito, ademais, é o que rexistra a maior superficie total, de case a 93.572 has. Este tamaño medio configura superficies que suxiren a potencialidade, o que permitiría una maior desenvolvemento dos MVMC.

Táboa 9.3. Número e superficie dos montes veciñais en man común por distrito, 2020

DISTRITO	Total		
	Nº Montes	Superficie (ha)	Superficie media (ha)
Ferrol	15	4.953	330
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	23	3.146	137
Santiago - Meseta Interior	15	3.922	261
Barbanza	167	24.703	148
Fisterra	77	11.350	147
A Mariña Lucense	56	19.820	354
A Fonsagrada - Os Ancares	279	45.627	164
Terra de Lemos	207	62.020	300
Lugo - Sarria	288	45.462	158
Terra Chá	94	28.623	305
O Ribeiro - Arenteiro	269	29.322	109
Miño - A Arnoia	333	30.101	90

DISTRITO	Total		
	Nº Montes	Superficie (ha)	Superficie media (ha)
Valdeorras - Trives	208	66.197	318
Verín - Viana	218	93.572	429
A Limia	250	58.246	233
Deza - Tabeirós	133	16.184	122
O Condado - A Paradanta	145	31.012	214
Vigo - Baixo Miño	202	37.735	187
Caldas - O Salnés	370	56.004	151
Galicia	3.349	667.998	199

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)


A distribución provincial dos MVMC é moi desigual a nivel provincial (táboa 9.4), destacando Ourense, que achega o 38,2 % destas entidades e o 41,5 % da súa superficie total. A continuación estaría a provincia de Lugo, con participacións do 27,6 % e o 30,2 % para o número de MVMC e superficie, respectivamente. A Coruña é a provincia con menor representación desta propiedade, con 48.074 hectáreas (7,2 % da superficie total).

Táboa 9.4. Número e superficie dos montes veciñais en man común por provincia, 2020

	Total			%	
	Nº Montes	Superficie (ha)	Superficie media (ha)	Nº Montes	Superficie (ha)
A Coruña	297	48.074	162	8,9%	7,2%
Lugo	924	201.551	218	27,6%	30,2%
Ourense	1.278	277.437	217	38,2%	41,5%
Pontevedra	850	140.935	166	25,4%	21,1%
Galicia	3.349	667.997	199	100,0%	100,0%

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

O tamaño medio das superficies dos MVMC en 2020 era moi similar na provincias de Ourense (217 ha) e Lugo (218 ha), ámbolos dous casos por riba da media galega (199 ha), cuestión que pon en evidencia a importancia do medio agrario nestes dúas provincias. Tamén se rexistran tamaños medios próximos nas outras dúas provincias, sendo A Coruña a que presenta un menor valor medio de superficie por MVMC con 162 ha, mentres que para a provincia de Pontevedra é de 166 (Gráfico 9.1).


Gráfico 9.1. Superficie media dos montes veciñais de man común por provincia, 2020

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

A continuación abórdase a situación das comunidades de montes veciñais de man común (CMVMC) e as mancomunidades de montes veciñais de man común (CMVMC). Como se sinalou, ámbalas dúas pertencen a agrupacións veciñais que se aproveitan consuetudinariamente do monte en réxime de comunidade, sen ter que asignar cotas aos seus membros pola súa condición de veciños.

9.3. Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

En Galicia, en 2020, había 3.013 CMVMC. Ourense, con 1.150 agrupacións, é a provincia con maior presenza destas unidades (38,2 %), mentres que A Coruña presenta a menor achega ao total con 9,3 % (Gráfico 9.2).

Gráfico 9.2. Número de CMVMC por provincia, 2020

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

Táboa 9.5. Número de comunidades de montes veciñais en man común e comuneiros por distrito, 2020

DISTRITO	Nº CMVMC	Media nº comuneiros	Nº total de comuneiros	% do total de comuneiros
Ferrol	14	84	1.179	1,0%
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	22	65	1.435	1,2%
Santiago - Meseta Interior	15	40	605	0,5%
Barbanza	152	54	8.180	6,8%
Fisterra	76	44	3.321	2,8%
A Mariña Lucense	55	56	3.080	2,6%
A Fonsagrada - Os Ancares	277	6	1.702	1,4%
Terra de Lemos	203	22	4.465	3,7%
Lugo - Sarria	287	22	6.427	5,4%
Terra Chá	94	49	4.631	3,9%
O Ribeiro - Arenteiro	245	28	6.866	5,7%
Miño - A Arnoia	288	28	8.079	6,8%
Valdeorras - Trives	199	19	3.845	3,2%
Verín - Viana	202	34	6.873	5,8%
A Limia	216	29	6.258	5,2%
Deza - Tabeirós	124	21	2.619	2,2%
O Condado - A Paradanta	118	68	8.044	6,7%
Vigo - Baixo Miño	138	137	18.846	15,8%
Caldas - O Salnés	288	80	23.074	19,3%
Galicia	3.013	40	119.529	100%

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)


As CMVMC teñen carácter aberto e inclusivo, e as persoas que as constitúen poden variar no tempo. A participación nestas entidades está vinculada á residencia ao espazo onde se atopa a propiedade do monte. Segundo se recolle na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, os comuneiros son as persoas titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte.

En 2020 en Galicia había 119.529 comuneiros. A meirande parte das CMVMC están na provincia de Pontevedra (44 %), seguida de Ourense (26,7 %). Pola contra, menos dun 30 % dos comuneiros se atopan nas provincias de A Coruña e Lugo. Na análise por distritos, destacan as porcentaxes de comuneiros de Caldas-O Salnés (19,3 %) e Vigo-Baixo Miño (15,8 %). Porén, o distrito de Ferrol supón o 1 % dos comuneiros (táboa 9.5).

En Galicia a media de comuneiros era de 40 oscilando entre un mínimo de 6, no distrito de A Fonsagrada-Os Ancares e 137 do distrito de Vigo-Baixo Miño. Na análise do número medio de comuneiros por provincia, destaca con claridade a provincia de Pontevedra (79),

que case duplica o número medio na comunidade galega (Gráfico 9.3). Pola contra, o número medio de comuneiros nas provincias de Ourense (28) e Lugo (22) é relativamente menor.


Gráfico 9.3. Número medio de comuneiros por provincia, 2020



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

A análise conxunta do número de CMVMC e comuneiros por provincias revela que as respectivas achegas non se corresponden exactamente. Así, para 2020, Pontevedra presenta a maior concentración de comuneiros (44 %), sendo a terceira provincia en función da presenza relativa de CMVMC (22,2 %). Isto pode suxerir que a atomización da propiedade nesta provincia é superior a do resto. A situación máis equilibrada se atopa na provincia de A Coruña, co 9,3 % das CMVMC e o 12,3 % dos comuneiros (Gráfico 9.4).

Gráfico 9.4. CMVMC e comuneiros, 2020 (%)



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

As CMVMC deben cumprir unha serie de requirimentos de tipo administrativo, pero non todas elas acadan o mesmo grao de cumprimento. A táboa 9.6 recolle a relación de CMVMC de cada distrito, indicando a porcentaxe de comunidades que cumpre coas obrigas administrativas segundo os datos rexistrados pola Consellería de Medio Rural (Xunta de Galicia).

**Táboa 9.6. Comunidades de montes veciñais en man común
segundo a súa situación administrativa, 2020**

DISTRITO	Cumplen coas obrigas administrativas	Non cumpren coas obrigas administrativas	
		Falta de comuni- cación anual de reinvertimentos (*)	Outras causas**
Ferrol	14,3%	71,4%	14,3%
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	9,1%	40,9%	50,0%
Santiago - Meseta Interior	26,7%	40,0%	33,3%
Barbanza	14,5%	57,2%	28,3%
Fistera	1,3%	67,1%	31,6%
A Mariña Lucense	10,9%	69,1%	20,0%
A Fonsagrada - Os Ancares	14,8%	50,5%	34,7%
Terra de Lemos	16,8%	62,1%	21,2%
Lugo - Sarria	16,4%	57,1%	26,5%
Terra Chá	16,0%	66,0%	18,1%
O Ribeiro - Arenteiro	3,7%	58,4%	38,0%
Miño - A Arnoia	3,5%	43,1%	53,5%
Valdeorras - Trives	9,6%	39,7%	50,8%
Verín - Viana	6,4%	70,3%	23,3%
A Limia	6,0%	64,8%	29,2%
Deza - Tabeirós	25,8%	55,7%	18,6%
O Condado - A Paradanta	1,7%	93,2%	5,1%
Vigo - Baixo Miño	5,8%	85,5%	8,7%
Caldas - O Salnés	11,5%	71,2%	17,4%
Galicia	10,4%	-	-

(*) *Falta de comunicación anual de investimento (art. 125 da Lei 7/2012, de montes de Galicia*

(**) *Outras causas: xunta reitora sen renovar, falta de comunicación do censo actualizado de comuneiros...*

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)


En conxunto, das 3.013 CMVMC unicamente 313 (10,3 %) cumpren coa totalidade da obrigas administrativas en 2020. Como se reflicte no cadro, os incumprimentos se relacionan basicamente coa falta de comunicación de reinvertimentos. Con todo este resultado debe matizarse e non pode compararse co grao de cumprimento do 2019, que foi do 59,8 %.

Tal e como se recolle na web da Consellería de Medio Rural, debido a situación de emerxencia sanitaria causada pola COVID-19 e segundo o disposto na disposición adicional

sétima da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, as CMVMC dispoñen dun aprazamento para a renovación de xuntas reitoras, actualización do censo de comuneiros, actualización do libro de contabilidade e a celebración anual de asembleas xerais e, por tanto, a aprobación de actos de disposición e outras obrigas normativamente previstas, como a comunicación anual de reinvestimentos até o 31 de decembro de 2021. Polo tanto, haberá que esperar a estatística do 2021 para coñecer cal foi o grao de cumprimento real.

Os distritos que achegan a maior porcentaxe de CMVM que están ao día no cumprimento de requirimentos son Santiago-Meseta Interior e Deza-Tabeiros, cun 26,7 % e un 25,8 % do total de CMVMC que cumpren coas súas obrigas administrativas. Pola contra, as comunidades dos distritos de Fisterra, o Condado- A Paranta, Miño- A Arnoia e O Ribeiro-Arenteiro, todas elas están por baixo do 5 % do total das CMVMC cumpridora (Gráfico 9.5).

Gráfico 9.5. CMVMC que cumpren coas obrigas administrativas (%) 2020



Fonte: Elaboración propia con datos do Anuario de Estatística Forestal de Galicia, Xunta de Galicia (2019)

Con todo, este resultado, debido a anteriormente indicado resulta moi provisional. Asemade, na análise en contexto co número de CMVMC que ten cada provincia, Lugo acada o maior grao de cumprimento (15,6 %), mentres que a provincias de Ourense (5,6 %) é a menor (táboa 9.7).

Táboa 9.7. CMVMC segundo a súa situación administrativa por provincias, 2020

Provincia	Cumpren coas obrigas administrativas	Non cumpren coas obrigas administrativas	
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos *	Outras causas**
Coruña, A	11,1%	58,4%	30,5%
Lugo	15,6%	57,9%	26,5%
Ourense	5,6%	54,6%	39,8%
Pontevedra	11,2%	75,2%	13,6%

Notas:

(*) Falta de comunicación anual de investimento (art. 125 da Lei 7/2012, de montes de Galicia)

(**) Outras causas: xunta reitora sen renovar, falta de comunicación do censo actualizado de comuneiros..

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

A análise da evolución dos ingresos medios das CMVMC entre os anos 2015 e 2020 (táboa 9.8) revela un descenso continuado do 27,6 % por termo medio no conxunto de CMVMC galegas. Destaca o caso da provincia de Lugo cunha importante recuperación (34,3 %), ao pasar de 31.942 euros en 2015 a 42.889 euros en 2020. No que se refire aos investimentos feitos nas CMVMC, diminúen en termo medio un 12,9 %. Neste contexto, os investimentos nas CMVMC de Lugo destacan con claridade, cunha mellora do 49,7 %. En segundo lugar estaría a provincia de Ourense cun aumento do 9,6 %.


Táboa 9.8. Ingresos e investimentos medios das CMVMC (€), 2015-2020

Provincia	Cumplen coas obrigas administrativas	Non cumpren coas obrigas administrativas	
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos *	Outras causas**
Coruña, A	11,1%	58,4%	30,5%
Lugo	15,6%	57,9%	26,5%
Ourense	5,6%	54,6%	39,8%
Pontevedra	11,2%	75,2%	13,6%


Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

O Gráfico 9.6 permite comprobar a evolución dos ingresos e investimentos medios das CMVMC no período de análise. A análise conxunta destes datos permite suxerir unha idea xenérica da rendibilidade no uso dos recursos por parte das CMVMC (Gráfico 9.7), aproximada a partir do cociente entre ingresos e investimentos medios. En termo medio, as CMVMC galegas reducen a ratio de rendibilidade do uso de recursos entre 2015 e 2020, ao pasar do 214 % ao 178 % (unha perda de rendibilidade de 36 puntos porcentuais). Os maiores descenso prodúcense na provincia de Pontevedra (35 puntos porcentuais). A menor perda rexístrase na provincia de A Coruña (2 puntos porcentuais).

Gráfico 9.6. Ingresos e investimentos medio das CMVMC por provincia (2015-2020)



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020 Xunta de Galicia (2021)

Gráfico 9.7. Relación Ingresos/Investimentos medios das CMVMC (2015-2020)

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

9.4. Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común (MMVMC)

A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia tamén inclúe no catálogo de entidades de aplicación as mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC). No ano 2020 había 36 entidades deste tipo rexistradas en Galicia (táboa 9.9).

Táboa 9.9. Mancomunidades rexistradas en Galicia, 2020

NOME	CONCELLO	DISTRITO	PROVINCIA
ORGANIZACIÓN GALEGA DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN	Varios Galicia	Varios Galicia	Varias
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DAS RÍAS DE AROUSA E NOIA-MUROS	Boiro	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE ARDELEIROS E ZARAMAGOSO	Lousame	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN LOUSAME	Lousame	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA	O Porto do Son	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN BARBANZA SUR	Ribeira	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CARNOTA	Carnota	Fisterra	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DE RAÑADOIRO	Baralla	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE SERRA DE PICATO	Baralla	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE VAL DE RAO	Navia de Suarna	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE CARQUEIXA	Negueira de Muñiz	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo


NOME	CONCELLO	DISTRITO	PROVINCIA
MANCOMUNIDADE PASO DO CERVO	Folgo do Courel	Terra de Lemos	Lugo
MANCOMUNIDADE LUGO SUR	Monforte de Lemos	Terra de Lemos	Lugo
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN TERRA CHÁ	Guitiriz	Terra Chá	Lugo
MANCOMUNIDADE DE AVIÓN	Avión	O Ribeiro - Arenteiro	Ourense
MANCOMUNIDADE DE MMVVMC DA COMARCA DE MONTERREI	Monterrei	Verín - Viana	Ourense
MANCOMUNIDADES DE MMVVMC DA SERRRA DO XURES	Baltar	A Limia	Ourense
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DO CONCELLO DE CERCEO	Cerdedo	Deza - Tabeirós	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE MVMC A PARADANTA	A Cañiza	O Condado - A Paradanta	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO COVELO-A CAÑIZA	O Covelo	O Condado - A Paradanta	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE OIA	Oia	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE REDONDELA	Redondela	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE SALCEDA DE CASELAS	Salceda de Caselas	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE VIGO	Vigo	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Barro	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE FRAGAS	Campo Lameiro	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE COTOBADE	Cotobade	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Moraña	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTECALDELAS	Pontecaldelas	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE CARITEL	Pontecaldelas	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTEVEDRA	Pontevedra	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE VILAGARCÍA DE AROUSA	Vilagarcía de Arousa	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO MORRAZO	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO NOROESTE DE PONTEVEDRA	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra

NOME	CONCELLO	DISTRITO	PROVINCIA
MANCOMUNIDADE DO PEDROSO	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PRODUTORES DE BIOMASA FORESTAL PRIMARIA DO SUR DE GALICIA	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra

Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

Máis da metade destas entidades está na provincia de Pontevedra (55,6 %), mentres que Ourense (8,3 %) aporta a menor porcentaxe de mancomunidades. Por outra banda, o 40,0 % das que se atopan na provincia pontevedresa están no distrito de Caldas-O Salnés, que en conxunto achega o 22,2 % das MMVMC de Galicia (Gráfico 9.8).

Gráfico 9.8. Mancomunidades de MVMC por provincia, 2020



Fonte: Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2020, Xunta de Galicia (2021)

9.5. Recomendacións

As CMVMC son unha figura específica na nosa Comunidade Autónoma, onde a titularidade corresponde as agrupacións veciñais, que non contemplan a súa divisibilidade. A superficie media destas unidades acada en 2020 as 119 ha, o que debería garantir un maior aproveitamento (Bastida et al., 2020; Bastida et al., 2021).

Con todo, detéctanse unha serie de limitacións que deben ser corrixidas (Bastida et al., 2021). Tres son as máis importantes: unha xestión e explotación non cualificada, un baixo nivel de interese e compromiso por parte dos comuneiros e unha excesiva pivotación da actividade económica na explotación forestal. Desta forma, as CMVMC non sempre garanten unha boa xestión profesional, un adecuado compromiso por parte dos participantes, xa que non existe tradición nin cultura de asociacionismo e, por lo xeral, teñen unha capacidade moi limitada para aplicar innovacións e/ou diversificar actividades. Asemade, esta falta de interese debe tamén considerarse á luz do seu papel na potencial capacidade que ten os integrantes da Economía Social nas decisións que se toman dende a Xunta de Galicia, en especial, a través do Consello Social de Galicia. Resulta complicado entender como só 34 entidades deste tipo están adheridas ao devandito organismo, cando a Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, inclúe a estas organizacións como parte da Economía Social na nosa Comunidade Autónoma.

Este conxunto de ineficacias pode por en perigo as oportunidades forestais comúns que posibiliten converter a estas entidades en actividades económicas sostibles. A súa corrección é necesaria para evitar limitacións sobre o seu potencial como verdadeiro motor de

desenvolvemento e cohesión territorial. Nestes momentos, as zonas rurais no son capaces de ofertar á poboación unha opción económica atractiva.

Polo tanto, é necesario potenciar a utilización e aproveitamento dos montes galegos, se realmente se queren obter beneficios socioeconómicos. Os primeiros pasos parecen que se están a dar. En concreto a Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia introduce un conxunto de medidas, entre as que destacamos a nova regulación do arrendamento dos montes que busca garantir unha explotación rendible e unha ampla batería de medidas para evitar os riscos do abandono das parcelas forestais. Asemade, o Decreto 32/2016 no relativo a ordenación e xestión de montes en Galicia, se esixe que estas entidades vaian máis aló da extracción do recursos, debendo investir parte de eses beneficios no mantemento e mellora do monte.

Somos da opinión da necesidade de continuar e mellorar o catálogo de incentivos fiscais que fomenten o aproveitamento do monte e de continuar coa política de subvencións para favorecer o aproveitamento produtivo dos nosos montes, por todos os beneficios –non só económicos– que supón este tipo de actividades. Finalmente, creemos necesario que as CMVMC e as MMVMC realicen un esforzo de planificación produtiva do seus recursos co obxecto de avaliar todo o seu potencial.

A nosa Comunidade Autónoma atopase, polo tanto, a unha situación paradoxal, en tanto que temos un amplo espazo no noso territorio cun enorme potencial económico, unha parte importante das zonas rurais, atopase infraexplotada e, ao menos tempo, sofre un intenso proceso de perda económica e demográfica (Bastida, Vaquero e Vázquez, 2021). Non podemos nin debemos perder de vista que a xestión comunitaria dos montes galegos garante a conservación da biodiversidade.

9.6. Conclusións

As conclusións que se poden sinalar van na liña do exposto na edición do 2019 do Libro Branco da Economía Social de Galicia, consolidando a nosa valoración que a persistencia no tempo das comunidades de montes veciñais amosan que os sistemas de produción comunitarios poden desenvolver institucións autónomas, algo que resulta de gran interese na nosa Comunidade Autónoma polo importante peso económico do sector primario.

En consecuencia, hai que afondar en mellorar as actuacións xa sinaladas, para que este recurso exclusivo de Galicia, poda acadar o papel que lle corresponde no desenvolvemento económico-social da nosa Comunidade Autónoma dentro dunha contorna sostible, e tendo en conta o compromiso co cumprimento cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostibles (ODS).

O monte en Galicia resulta un elemento fundamental para contar cunha política agraria e forestal axeitada, xa que os recursos forestais representan máis do 60 % da superficie total da nosa Comunidade Autónoma. Asemade, en Galicia temos unha estrutura de propiedade dos montes moi diferentes a outras CC. AA. que des debe aproveitar. En efecto, unha parte significativa destes espazos pertencen a comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, unha figura contemplada no Dereito Civil de Galicia.

Finalmente, compre sinalar que a tenor dos datos expostos, aínda queda un importante traballo por realizar nos vindeiros anos se queremos que as CMVMC e MMVMC acaden o papel que lles corresponde na economía social de Galicia. Para iso é necesario un maior esforzo para mellorar a rendibilidade das explotacións forestais, o que sen dubida terá non so beneficios económicos, senón tamén sociais e medioambientais.

9.7. Bibliografía

- ASOCIACIÓN GALLEGA DE COOPERATIVAS ALIMENTARIAS, AGACA (2020). <http://agaca.coop/>
- BASTIDA, M. e VAQUERO, A. (2019). As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e CANCELO, M. (2019). La Ley de Economía Social de Galicia en FAJARDO, G. E CHAVEZ, R. (Eds.) *La economía social en la Comunidad Valenciana: regulación y políticas públicas*, 43-52, CIRIEC-España.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e CANCELO, M. (2020). "La contribución de la ley de economía social al desarrollo territorial y a la mejora del empleo", *Revesco- Revista de estudios cooperativos*, 134, 1-20.
- BASTIDA, M., VAQUERO, A. e VÁZQUEZ, M.A. (2021). "A New Life for Forest Resources: The Commons as a Driver for Economic Sustainable Development—A Case Study from Galicia", *Land*, 10(2): 99,
- ESPAÑA. Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.
- ESPAÑA. Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais de man común.
- FORO ECONÓMICO DE GALICIA (2019). *Xornada sobre o sector forestal*, Ribadavia, 30 de maio de 2019.
- GALICIA. Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.
- GALICIA. Decreto 32/2016, de 23 de marzo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- GALICIA. Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- GALICIA. Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.
- GALICIA. Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- GALICIA. Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia.
- GALICIA. Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia.
- GALICIA. Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- VAQUERO, A. e BASTIDA, M^a. (2021). "A Economía Social como modelo de desenvolvemento para Galicia", *Documento 32 do Foro Económico de Galicia*, <https://foroeconomicodegalicia.es/documentos.html>
- VAQUERO, A. e LOSA, V. (2020). "Actuaciones desde la administración pública para evitar la despoblación del medio rural ¿Qué se puede hacer desde los ayuntamientos y diputaciones?", *Revista gallega de economía*, setembro.
- XUNTA DE GALICIA (2020). *Anuario de Estadística Forestal de Galicia*, Santiago de Compostela, https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica_forestal_gallega/.